

Oferta de Emprego do SERGAS para o ano 2018: 1.461 prazas

FEIJOO eríxese agora en presidente da Mesa Sectorial do SERGAS. Non necesita negociar.

A directora de Recursos Humanos do SERGAS respondía á pregunta da CIG sobre a oferta de emprego do ano 2018, que a próxima mesa sectorial sería en decembro, previa negociación cos sindicatos que asinaron o acordo da taxa de reposición. **Un acordo contra o que votou a CIG porque impide recuperar o emprego destruído desde o ano 2009.**

O día 21 de novembro, Feijoo anuncia no Parlamento de Galiza que a oferta de emprego do ano 2018 vai ser de 1.461 prazas, que xa non van negociar cos sindicatos que asinaron ese acordo, porque xa ten os seus parabéns.

Así Feijoo, co beneplácito deses sindicatos, pode seguir destruindo emprego na sanidade pública e perpetuando a precariedade laboral.

Máis de 5.000 PRAZAS CONVOCADAS NO CONCURSO DE TRASLADOS

SÓ 1.461 PRAZAS SE CONVOCARÁN NA OFERTA DE EMPREGO

QUE PASA CO RESTO DE PRAZAS? SEGUIMOS CONDENADOS Á PRECARIIDADE LABORAL.

Desde CIG-SAÚDE queremos subliñar que **Feijoo non é o único culpable**. Nesta desfeita hai máis actoras/es, SON:

- ✓ Quen asina acordos sindicais con taxa de reposición até o 2020.
- ✓ Quen non presenta iniciativas no Parlamento de Galiza nin no Parlamento do Estado para rematar coa taxa e recuperar o pleno emprego. A recuperación do emprego está na axenda galega?

O día 14 de setembro CIG-SAÚDE enviou un escrito detallado da situación do emprego no SERGAS a todos os grupos do Parlamento. Dito escrito recollía os efectos perversos da taxa de reposición e solicitaba dos grupos do Parlamento galego **medidas en contra da taxa de reposición** como:

- Que se aprobase por unanimidade unha proposición de Lei dirixida ao goberno do Estado para **rematar coa fórmula de cómputo da taxa de reposición**. É dicir, a **oferta do 100% de todas as prazas vacantes e de todas as categorías profesionais**.
- Que o Parlamento de Galiza instase á Consellaría de Sanidade, unha vez anulada a fórmula de cómputo da taxa de reposición, a negociar na mesa sectorial do SERGAS, **un plano de emprego para recuperar todas as prazas vacantes do Sistema Público de Saúde**.
- Se o goberno do Estado español non acepta retirar a fórmula de cómputo da taxa de reposición, demandamos que a devandita taxa de reposición non teña carácter de norma básica, para que non invada as competencias da Xunta de Galiza.

Só un grupo político do Parlamento accedeu a presentar unha iniciativa coas nosas demandas: o BNG.

Que pensan facer o resto de grupos políticos?

E ti que pensas? Non lles consintas que xoguen co teu dereito a ter un posto de traballo digno.